

PORCINO CEBADO

| EURO./KG. VIVO S/G | EUROS | | |
|-----------------------|-----------|------|--|
| | KG. | DIF. | |
| CARNICEIRO | 1.470 | 0,00 | <p>Enfriase o mercado do cebo: Dúas semanas consecutivas de estabilidade nas cotizacións xusto despois do parón da Semana Santa, poden considerarse excesivas nunhas condicións normais de mercado. Mais non estamos nun ano normal: cotizacións por debaixo dos custos de produción durante moitos meses consecutivos, unha matanza récord dende o mes de outubro do pasado ano así como unha depreciación do dólar respecto ao euro, limitan a evolución normal do cebo. Así, aínda que as perspectivas son á alza, estes van a retardarse máis do agardado.</p> <p>Situación do mercado: Á suba rexistrada nos pesos tras o parón de Semana Santa, a situación actual non é clara; á baixa da pasada semana, sucédelle unha alza na presente, aínda que non significativa. A oferta segue a ser curta e só os factores limitantes explican o enfriamento do mercado; en primeiro lugar, o problema de fondo que recorre toda Europa é a nula capacidade de reacción da carne; se ben a oferta do vivo é curta, existen inxentes cantidades de carne pendentes de comercialización froito dos altos volumes de matanza precedentes; ademais a depreciación do dólar perxudica as exportacións alén da UE. Isto fixo que os mercados do norte Europeo rexistraran na semana pasada fortes recortes das cotizacións.</p> |
| SELECTO | 1.225 | 0,00 | |
| NORMAL | 1.200 | 0,00 | |
| CASTRADO | 1.325 | 0,00 | |
| CANAL II | 1.558 | 0,00 | |
| DESVELLE | 0,65/0,71 | 0,00 | |

BACORIÑOS

| BASE 20 KGS. | EUROS | | | |
|-----------------|-------|---------|-------|---|
| | KG. | UNIDADE | DIF | |
| SELECTO | 1.95 | 39.00 | -3,00 | <p>Despois de catro semanas, non se pode resistir máis.</p> <p>A estabilidade nas cotizacións dos bacoriños establecida nas últimas catro semanas acaba coa baixada que se rexistra hoxe. E aínda sendo normal as baixas (que se producen con certa tardanza en comparación cos datos interanuais) haberá que atender a outros factores estruturais para entender a situación actual do mercado dos Bacoriños en Galiza.</p> <p>Variábel Estructural: Os profundos cambios no sector do porcino e a forte crise sufrida no último ano reduciu a dispoñibilidade de Leitóns que deixa tras de si moitos peches ou reconversións, sobre todo nas explotacións familiares pequenas que son abandonadas ou ben reconvertidas a cebadoiros.</p> <p>Variábeis coxunturais: O problema para poder manter un nivel de cotizacións que sexa satisfactorio para a produción pasa por unha recuperación do cebo, que aínda non se deu. Ademais, o calendario de saídas dos leitóns diminúe o interese dos compradores (estes sairán xa en agosto, cando as cotizacións do cebo soen ceder posicións tras a máxima anual).</p> |
| NORMAL | 1.90 | 38.00 | -3,00 | |

OVOS

| CLASE | EUROS | | | | |
|-------|---------|-------|--------|-------|---|
| | BRANCOS | DIF. | MOUROS | DIF. | |
| XL | 1.42 | +0,02 | 1.42 | +0,02 | <p>Diverxencias nas cotizacións dos ovos segundo as Gramaxes.</p> <p>Despois das oito semanas consecutivas de estabilidade dos ovos, xa na pasada semana as cotizacións dos ovos nas gramaxes L, M e S descenderon. Hoxe, a tendencia á baixa nas gramaxes inferiores (M e S) segue motivado pola situación de sobranse que permanece dende hai semanas. Porén, as cotizacións do XL víronse finalmente incrementadas, froito dunha baixa oferta que vén dado polos altos sacrificios das galiñas máis vellas dende principios de ano.</p> |
| L | 1.20 | 0,00 | 1.20 | 0,00 | |
| M | 1.12 | -0,02 | 1.12 | -0,02 | |
| S | 0.91 | -0,02 | 0.91 | -0,02 | |

GALIÑAS DE DESVELLE

| | EUROS | | |
|---|------------------|-------------|---|
| | KG. | DIF | |
| SEMPESADAS 2,100 A 2,200 KGS | 0,18/0,30 | 0,00 | <p>Situación pasaxeira tras a baixada da semana pasada: A situación do mercado do desvelle manténse análogo ao comentado na semana pasada, nun contexto estacional de incrementos na oferta, o que provoca unha baixada nas cotizacións. Así pois e aínda que coa estabilidade mantida nesta semana as previsións son de que as cotizacións se manteñan á baixa.</p> <p>As cotizacións son un 50% superiores ás de 2007.</p> |

COELLO

| | EUROS | | |
|---------------------------|------------|-----------|---|
| | KG. | DIF | |
| GRANXA EN VIVO | | | <p>Transitoriamente e nas vindeiras semanas, deixase sen cotización o Coello na Lonxa Agropecuaria de Galicia.</p> |
| NOVO | S/C | -- | |

COTIZACIONES SUBASTA DE GANDO DO DÍA 08/04/2008



Feira Internacional de Galicia

Silleda - Pontevedra

Tlfn 986-580050 / Fax 986-580162

| BECERROS RECRÍA | | TOTAL TRANSACCIONS | 198,302 |
|------------------------|------------|---------------------------|----------------|
| TOTAL ASISTENCIA | 902 | | |
| TOTAL ADXUDICADOS | 844 | | |

| RAZA FRISÓN | MACHOS | FEMIAS |
|--------------------------|---------------|---------------|
| BECERROS DE 0 A 20 DÍAS | 113 | 102 |
| BECERROS DE 21 A 50 DÍAS | 118 | 129 |
| BECERROS MÁIS DE 51 DÍAS | 145 | 151 |

| RAZA CRUCES INDUSTRIAL | MACHOS | FEMIAS |
|-------------------------------|---------------|---------------|
| BECERROS DE 0 A 20 DÍAS | 307 | 237 |
| BECERROS DE 21 A 50 DÍAS | 334 | 238 |
| BECERROS MÁIS DE 51 DÍAS | 403 | 302 |

| RAZA RUBIA GALEGA | MACHOS | FEMIAS |
|---------------------------|---------------|---------------|
| BECERROS DE 0 A 25 DÍAS | 186 | * |
| BECERROS DE 26 A 50 DÍAS | 399 | 427 |
| BECERROS DE 51 A 120 DÍAS | 467 | 456 |

* Non se adxudicou ningún animal desta categoría

| VACUNO MAIOR | | TOTAL TRANSACCIONS | 0 |
|---------------------|----------|---------------------------|----------|
| TOTAL ASISTENCIA | 0 | | |
| TOTAL ADXUDICADOS | 0 | | |

| CATEGORÍA | PRECIO SEMANAL |
|-----------------------------|-----------------------|
| VACAS CATEGORÍA EXTRA E - U | 0 |
| VACAS CATEGORÍA PRIMEIRA R | 0 |
| VACAS CATEGORÍA SEGUNDA O | 0 |
| VACAS CATEGORÍA DESFEITO P | 0 |

* Non se adxudicou ningún animal desta categoría

| BECERROS CARNICEIROS | | TOTAL TRANSACCIONS | 92,438 |
|-----------------------------|------------|---------------------------|---------------|
| TOTAL ASISTENCIA | 145 | | |
| TOTAL ADXUDICADOS | 104 | | |

| PRECIOS KG/ VIVO | MACHOS | FEMIAS |
|-------------------------|---------------|---------------|
| RAZA FRISÓN | 1.40 | 1.20 |
| RAZA CRUCE INDUSTRIAL | 2.20 | 2.15 |
| RAZA RUBIA GALEGA | 2.36 | 2.25 |

* Non se adxudicou ningún animal desta categoría